




MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE,
Y MEDIO RURAL Y MARINO



DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA
MIÑO-SIL

DIRECCIÓN GENERAL DE
PRESIDENCIA

S/REF.
N/REF. Resposta Alegación Plan
DATA 10 de novembro de 2011
ASUNTO ALEGACIÓN AO PROXECTO DE
PLAN HIDROLÓXICO MIÑO-SIL 2010-2015

[REDACTED]
Movimento Ecoloxista da Limia
[REDACTED]

En primeiro lugar, desexo trasladarlle o noso agradecemento pola presentación da súa alegación ao proxecto de Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil.

As máis de 600 observacións presentadas durante o período de consulta pública do proceso de planificación hidrolóxica son unha boa mostra da participación activa de todos os interesados para contribuír a promover, dende a responsabilidade compartida, unha xestión sostible, equilibrada e equitativa dos recursos hídricos das concas dos ríos Miño, Sil e Limia.

Unha vez analizada a súa alegación, e de conformidade co disposto tanto na Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, como na lexislación que a desenvolve, procédese a responder de forma motivada a cada unha das observacións presentadas.

OBSERVACIÓN N° 01

Síntese da Observación

O estudo dos valores naturais da bacía do río Limia, especialmente no tramo de Alta Limia (Lagoa de Antela) debe ser máis detallado, dado que é básico de cara a establecer as medidas de xestión oportunas.

CORREO ELECTRÓNICO:
presidencia@chminosil.es

CURROS ENRÍQUEZ, 4-2°
32003 OURENSE
TEL.: 988 399 403



Resposta Motivada

Na proposta do Plan Hidrológico do Miño-Sil, primeiro dende a entrada en vigor da Directiva Marco da Auga (DMA), fíxose un esforzo por realizar un estudo o máis detallado posible da Demarcación. Non obstante, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil é consciente das lagoas existentes e é a súa intención realizar un estudo sobre a zona de Alta Limia para, nun futuro Plan Hidrológico, solucionar estas carencias.

OBSERVACIÓN N° 02

Síntese da Observación

A masa de auga subterránea de Xinzo de Limia non está suficientemente definida, menosprézase a súa importancia e a súa vulnerabilidade. Non se fai fronte á principal problemática actual que é a incidencia sobre a súa calidade da actividade agraria debida ao emprego de fertilizantes e aplicación de purines.

Resposta Motivada

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil reconece a importancia e vulnerabilidade da masa de auga subterránea de Xinzo de Limia e considera que a súa delimitación foi definida axeitadamente nos documentos do Plan Hidrológico. Por outro lado, é importante indicar que durante o proceso de consulta pública se realizou un estudo específico sobre o acuífero de Xinzo de Limia que xa foi finalizado e se incluírá no Programa de Medidas como actuación executada.

Por outro lado, considérase que a calidade da masa de auga subterránea foi avaliada axeitadamente e determinouse o bo estado cuantitativo e cualitativo. Non obstante, seguirase traballando xunto co resto de Autoridades Competentes na mellora das prácticas agrarias na zona pola súa posible afección á masa de auga subterránea.

OBSERVACIÓN N° 03

Síntese da Observación

En todo o proxecto non se fala en ningún apartado, aínda que sexa a nivel de reseña histórica, da existencia da Lagóa de Antela, non facendo polo tanto ningunha referencia á



súa recuperación parcial e ignórase a existencia de numerosos humedais estacionáis que se interrelacionan co río Limia e o seu acuífero.

Resposta Motivada

A recuperación e xestión dos humedais é competencia das Comunidades Autónomas e polo tanto sáese do ámbito competencial da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. Non obstante, recoñécese a importancia do humedal e trasladarase ao organismo competente a preocupación formulada na alegación, no seo do Comité de Autoridades Competentes.

OBSERVACIÓN N° 04

Síntese da Observación

Como único humedal da comarca noméase ás Veigas do Limia, no concello de Trasmiras, o cal está drenado e desecado, sen facer nada para a súa protección nin a Administración Galega nin o organismo de bacía.

Resposta Motivada

Tras revisar o Plan, non se incluíu o humedal "Veiga de Limia" no rexistro de zonas protexidas como humedal, pois tal como se di na alegación, está totalmente drenado e desecado. Sendo a xestión dos humedais competencia autonómica, este asunto trasladarase ao Comité de Autoridades Competentes para o seu estudo.

OBSERVACIÓN N° 05

Síntese da Observación

Debido ás explotacións de áridos existen unhas trescentas hectáreas de lámina de auga (areneiras da Limia) que, aínda que con diferenzas significativas con respecto a unha lagoa, podense converter parcialmente nesa recuperada Lagóa de Antela que se reivindicada dende amplos sectores da sociedade da Limia. Solicítase que tanto a Canle de Antela coma as propias areneiras sexan declaradas e incorporadas como parte do Dominio Público da Bacía.



Resposta Motivada

Esta proposta estudarase en profundidade e transmitirase aos órganos competentes, xa que non é competencia directa do Plan Hidrolóxico.

OBSERVACIÓN N° 06

Síntese da Observación

Ás Veigas de Ponteliñares e o LIC Veigas de Ponteliñares deben ser obxecto dunha protección específica por parte do Organismo de Bacía, xa que aínda hoxe se conservan intactas as súas características como humedal.

Resposta Motivada

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil tras analizar a súa proposta, comprobou que esta zona non está incluída como humedal no Inventario de humedais da Xunta de Galicia, polo que desestima incluílo no rexistro de zonas protexidas como humedal. Sendo a xestión dos humedais competencia autonómica, este asunto trasladarase ao Comité de Autoridades Competentes para o seu estudo.

OBSERVACIÓN N° 07

Síntese da Observación

Crese que é compatible o desenvolvemento dunha agricultura moderna co respecto ao medio, polo que se pide que o rico patrimonio ambiental da comarca da Limia non se pase por alto no plan nin se trate de modo superficial.

Resposta Motivada

A Confederación, no ámbito das súas competencias, esixirá a xestión sostible e uso eficiente dos recursos hídricos da Limia e o cumprimento dos obxectivos ambientais das súas masas de auga.



Conforme ao exposto, a súa alegación foi resolta nos termos transcritos. Así mesmo, segundo o disposto no Artigo 74.3 do Real Decreto 907/2007 elaborárase un documento de síntese sobre todas as alegacións recibidas no que se xustificará como foron tomadas en consideración e cuxas conclusións serán integradas na redacción final do Plan.

Por último, co obxecto de garantir a todos os interesados os dereitos de acceso á información ambiental, infórmolle que tanto a súa alegación como a resposta motivada estará accesible na páxina electrónica desta Confederación Hidrográfica, xunto con toda a documentación relativa ao Plan Hidrolóxico 2010-2015.

Reiterando o noso agradecemento pola súa importante colaboración, saúdo atentamente,



Francisco F. Fernández Liñares
Presidente

